

# ALMA DE LEÓN



Mia vivía nunha pequena casa na montaña co seu pai, porque a súa nai morrera nun accidente cazando nun safari, xa que aos seus pais gustáballes cazar. Isto acontecera cando a nena apenas tiña cinco anos.

Un día foi ao bosque. Era un lugar tenebroso e non ía alí desde facía dous anos, xa que a última vez se perdera na penumbra durante unha hora.

Cando se dirixía a entrar no bosque encontrou marcas no chan, pero non eran pegadas.

Ao chegar a unha charca, só se oía o murmurio das árbores, pero notou unha respiración detrás do ombro, xirouse, pero non viu nada. Deu a volta e volveuno sentir, pero como se estivera máis cerca. Xirouse novamente e viu unha forma de león e, sen darse conta, o león levouna e apareceu nun lugar escuro e, de súpeto, apareceron máis bestas que a levaron ata que desapareceu para sempre.



O seu pai buscouna e buscouna, pero non a deu atopado.

Un día pareceulle escoitar a súa voz. Baixou as escaleiras correndo e chamándoa e sentiu unha brisa suave que o rodeou. Viu a fiestra aberta de par en par, mais non recordaba deixala aberta, e ao achegarse a cerrala, sentiu un ruxido e viu dous leóns achegarse. Eran os espíritos da nai e da filla que viñan buscalo tamén. Ninguén volveu vivir nesa casa desde aquel trágico día.

Algúns dicían que a casa estaba posuída e outros que era unha vinganza...

## Xantal 6º EP